

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NOIA

Secretaría

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das axudas económicas de apoio á inserción social

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIAL

Faise público, de acordo ó establecido nos artigos 70.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e 196.1. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, que a Ordenanza municipal reguladora das axudas económicas de apoio á inserción social, aprobada inicialmente polo Pleno en sesión realizada o 27 de FEBREIRO de 2018, quedou aprobada definitivamente ó non terse presentado ningunha reclamación ou suxestión durante o período de exposición ó público do expediente. Asemade, publícase o texto íntegro deste regulamento, que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ó que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/85.

Contra este acordO, que pon fin á vía administrativa, podrase interponer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende ó día de publicación do pesente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen perxuízo de que se poida interponer calquera outro que se estime pertinente.

ORDENANZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NOIA PARA A REGULACIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”, prevé o artigo 25.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos.

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares. A Constitución Española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais (en Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia).

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, estrutura e regula os Servizos Sociais en Galicia, atribuíndolles aos Concellos segundo o disposto no artigo 60, “competencias para a creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios básicos” así como a elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 desta lei. Establece tamén no artigo 18 c., “prestacións económicas destinadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral”. No artigo 18.3., “recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial”. De xeito específico configura as prestacións económicas indicando o artigo 21.1º, “que son as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social” entre elas, conforme o artigo 21.2º “a) as rendas de inclusión social. b) as axudas de emerxencia e necesidade social, e j) as axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade cas anteriores”.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, establece as competencias dos municipios na avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local na Disposición adicional cuarta establece que “As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.”

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social. Asemade, atribúelle ao municipio competencia para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da veciñanza e exercendo, en todo caso, de conformidade no disposto na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, competencias nas seguintes materias, entre outras: a) a prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos; e b) a execución de programas e proxectos destinados a atención á familia.

Pola súa parte, o artigo 14.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social, garante que “os extranxeiros, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións básicas”.

E desenvólvese de maneira coherente co Programa Nacional de Reformas do Reino de España 2015, do 5 de maio de 2015, conforme ao que “se prestará especial atención á avaliación das rendas mínimas ou rendas básicas; isto é, a aquelas prestacións vixentes en diferentes partes do territorio para atender ás persoas con maior carencia de recursos económicos” e coa Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, que lembra que o principal problema que afrontan as familias en situación de risco de exclusión social é a escaseza ou ausencia de recursos estables que lles permitan desenvolver unha vida normal, acadar un traballo e ofrecer posibilidades dunha vida mellor para os seus fillos e fillas. Asegurar as rendas mínimas é o primeiro paso para garantir a cobertura das necesidades básicas.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlanse, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito da percepción da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema Galego de Servizos Sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. A aplicación desta norma está dirixida a aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

Asemade, o Decreto da Xunta de Galicia 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, establece como un dos Programas e Servizos Sociais Comunitarios Básicos o Programa Básico de Inserción Social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular o conxunto de prestacións económicas municipais específicas para a cidadanía do Concello de Noia que se atope en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social, no marco do Programa Básico de Inserción Social do Concello de Noia.

Artigo 2.-Ámbito de aplicación.

O ámbito subxectivo de aplicación desta ordenanza ven determinado por aquelas persoas do Concello de Noia que dacordo co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social.

Artigo 3.-Definicións.

Para efectos desta ordenanza, entenderase por:

- **Vulnerabilidade social:** condición social de risco ou de dificultade que inhabilita e invalida de maneira inmediata ou nun futuro próximo ás persoas afectadas para cubrir necesidades básicas. Caracterízase pola inestabilidade

sociolaboral, con traballos precarios, paro intermitente e/ou piares sociofamiliares pouco sólidos, co conseguinte risco de entrar na zona de exclusión social.

- **Situación ou risco de exclusión social:** ausencia ou déficit grave de recursos económicos e situación de desemprego, con concorrencia dos factores de exclusión previstos na normativa estatal ou autonómica vixente en cada momento, cando supoña especiais dificultades de integración social ou laboral.
- **Proxecto de inserción social:** deseño de intervención social que comprende unha avaliación-diagnóstico da situación e as persoas con quen actuar, unha determinación de obxectivos operativos, actividades e tarefas, utilización de recursos, temporalización e criterios de avaliación.
- **Plan de traballo:** acordo expreso da persoa beneficiaria e, no seu caso, destinataria co/a traballador/a social correspondente dos Servizos Sociais municipais, no que se establecerán por escrito compromisos e accións, que se revisarán durante o tempo de duración da axuda.
- **Unidade de convivencia:** conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo domicilio. Segundo o establecido na Lei 3/2011 de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, no caso de familias numerosas ou monoparentais, computará como membro o concebido/a previa acreditación médica.

De xeito excepcional, a valoración da unidade de convivencia supeditarase ao criterio técnico nos casos seguintes:

- Edificios de titularidade familiar.
- Residencia colectiva: en instalación colectivas de carácter sanitario, terapéutico ou social de titularidade pública ou de entidades de iniciativa social coa debida acreditación e rexistro no Sistema Galego de Servizos Sociais.
- Establecementos de aloxamento hoteleiros en réxime de pensión, nas que medie contraprestación económica.
- En vivendas particulares nas que medie contraprestación económica co propietario da vivenda.

Artigo 4.-Finalidade.

Estas axudas teñen como finalidade acadar de forma progresiva a autonomía e integración social das persoas, mediante o apoio técnico e financeiro dos Servizos Sociais municipais.

1. Constitúen unha prestación económica ou en especie de urxente necesidade.
2. Teñen carácter finalista, polo que se destinarán só á finalidade para a que foron concedidas.
3. Teñen carácter subsidiario e, no seu caso, complementario de todo tipo de recursos e prestacións sociais de contido económico previstas na lexislación vixente, que puidesen corresponderlle á persoa beneficiaria ou destinataria.
4. Teñen carácter extraordinario co fin de dar resposta a situacións excepcionais de temporalidade definida. Deben utilizarse para modificar as situacións de necesidade e como apoio a procesos de inclusión. Polo tanto, non se concederán axudas destinadas á amortización de débedas contraídas con outras Administracións Públicas ou derivadas da incoación dun procedemento sancionador imputable á persoa beneficiaria ou destinataria.
5. A concesión da prestación estará condicionada ao cumprimento dos compromisos adquiridos no Plan de Traballo.
6. Son un instrumento profesional dentro dun proceso de intervención que asume os diversos aspectos da situación de necesidade formulada, dende a perspectiva dunha actuación integral. Esixe, polo tanto, dun proxecto de inserción social.
7. As prestacións económicas municipais son intransferibles.

Artigo 5.-Límites.

O outorgamento das prestacións previstas nesta ordenanza axustarase ás partidas de gasto dos orzamentos municipais, partindo dun mínimo de de 30.000 € anuais.

Para o caso de que se dese un incremento da necesidade social para o cal fose preciso xerar un gasto municipal superior ao previsto habilitarase a aplicación orzamentaria que fose precisa, sempre que houberse recursos financeiros dabondo para cubrir o gasto, dacordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.

As axudas deberán concederse unicamente seguindo os criterios establecidos na presente ordenanza, mediante unha valoración profesional que teña en conta a tipoloxía do problema ou a necesidade social a cubrir.

Artigo 6.-Obrigas.

Todos os membros das unidades de convivencia beneficiarias das axudas obxecto desta ordenanza estarán obrigadas a:

- Destinar a axuda ao fin para a que foi concedida.

- Permitir e facilitar o labor da/o traballadora/or social para avaliar a súa situación social, así como comunicar, no prazo máximo de 5 días, calquera variación sobrevida que poida dar lugar a unha nova valoración da situación social.
- Cumprir as condicións establecidas no Plan de Traballo vinculado á concesión da axuda destinado a superar a situación de necesidade.

Artigo 7.-Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración será a encargada de propoñer a concesión ou denegación da axuda, así como a suspensión, modificación ou extinción da mesma segundo os criterios establecidos e aprobados polo órgano competente para resolver.

Estará formada pola traballadora social responsable do Programa Básico de Inserción Social do Concello de Noia, a coordinadora do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais, a Traballadora Social de referencia do expediente e, no seu caso, outros/as técnicos/as que estes membros consideren oportunos.

Artigo 8.-Procedemento.

4. Inicio

O procedemento iniciarase mediante instancia de solicitude presentada no rexistro de entrada do Concello de Noia coa documentación seguinte:

- Documento acreditativo da identidade dos membros da unidade de convivencia.
- Xustificantes de ingresos e de bens patrimoniais dos membros da unidade de convivencia.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade calquera que sexa a administración pública ou privada outorgante de todos os membros da unidade de convivencia.
- Documentación acreditativa da necesidade.
- Autorización de acceso aos datos existentes na Administración Pública necesarios para valorar esta solicitude.

• Instrución

Darase traslado da solicitude o/a traballador/a social municipal correspondente, que procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo solicitar tanta información e documentación considere precisa para o diagnóstico da situación e emitirá o Informe Social da situación, que expoñerá ante a Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración realizará a proposta de resolución correspondente á solicitude, que terá carácter vinculante. No caso de que a proposta sexa de concesión, especificará qué conceptos e contías son concedidas.

Si a proposta de resolución fose positiva será remitida ao Departamento de Intervención Municipal para a súa fiscalización previa. En todo caso, a axuda concederase en función do crédito orzamentario dispoñible nos orzamentos.

De xeito excepcional, naqueles casos en que a situación o faga imprescindible ou en caso de urxencia, o/a traballador/a social correspondente poderá realizar de oficio un informe de valoración social e xuntar a documentación necesaria para os efectos dunha posible solicitude de axuda de apoio á inserción social, que deberá ser solicitada pola persoa interesada, logo do requirimento realizado pola entidade local competente para a tramitación e a resolución.

• Resolución

O prazo para resolver será máximo de DOUS meses dende a entrada da solicitude da axuda no rexistro municipal. O dito prazo só se poderá suspender por causa de requirimento de documentación complementaria á persoa interesada. En calquera caso, vista a natureza das axudas, resolverase á maior brevidade posible.

O órgano competente para resolver será a Alcaldía ou a delegación correspondente materia de Servizos Sociais. A resolución especificará a denegación ou concesión da solicitude, así como a suspensión, extinción ou prórroga no seu caso.

Notificación á persoa solicitante da resolución ditada e aos departamentos correspondentes.

Artigo 9.-Réxime sancionador.

Procederá a revogación da axuda ou reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, máis o interese legal de diñeiro que resulte de aplicación dende o momento do abono da axuda, así como a imposibilidade de solicitar por un período dun ano ningunha das axudas reguladas na presente ordenanza, nos supostos seguintes:

- Ocultación ou falsedade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión da axuda.
- Incumprimento da finalidade para a que se concedeu.
- Incumprimento das obrigas e requisitos establecidos nestas bases.
- Incumprimento da obriga de xustificar.

CAPÍTULO II.-AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**Artigo 10.-Concepto das Axudas de Emerxencia Social.**

Considéranse Axudas de Emerxencia Social, para os efectos da presente ordenanza, aquelas prestacións económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas a dar resposta a situacións carenciais e transitorias imprevistas, que afecten ás necesidades básicas de persoas ou familias do Concello de Noia.

Artigo 11.-Requisitos de acceso ás Axudas de Emerxencia Social.

Poderán ter dereito as Axudas de Emerxencia Social as persoas solicitantes que cumpran os requisitos seguintes:

- Ser maior de idade ou menor emancipada/o.
- Residir de forma efectiva e estar empadroadado no Concello de Noia de forma ininterrompida alomenos con seis meses de antigüidade no momento da solicitude. De xeito excepcional, a valoración deste requisito supeditarase ao criterio da Comisión de Valoración.
- Que ningún membro da unidade de convivencia conte con familiares legalmente obrigados e con posibilidade real de prestar axuda, segundo establece o Código Civil. De xeito excepcional, no caso de menores de idade, a valoración deste requisito supeditarase ao criterio da Comisión de Valoración.
- Acreditar a situación de necesidade urxente.
- Que a unidade de convivencia non dispoña de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de necesidade segundo o establecido na táboa seguinte:

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	LÍMITE DE INGRESOS
1	100% do IPREM
2	115% do IPREM
3	130% do IPREM
4	145% do IPREM
5	160% do IPREM
Máis de 5 membros	10% do IPREM por membro a partir do 5.º ata un máximo do 200% do IPREM

Para establecer o límite de ingresos, calcularase a media mensual dos ingresos de calquera natureza e procedencia da persoa solicitante e da unidade de convivencia, dos seis meses anteriores ao mes de solicitude.

- Que a unidade de convivencia careza de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia, segundo o establecido na disposición transitoria segunda da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. De xeito excepcional, no caso de menores de idade, a valoración deste requisito supeditarase ao criterio da Comisión de Valoración.
- No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que todos os membros da unidade de convivencia estén cumprindo cos compromisos acordados co profesional de referencia no Sistema de Servizos Sociais do Concello de Noia.

Artigo 12.-Incompatibilidades das Axudas de Emerxencia Social.

Non poderá beneficiarse de máis dunha axuda para a mesma finalidade calquera que sexa a administración pública ou privada outorgante.

Artigo 13.-Gastos susceptibles e contías das Axudas de Emerxencia Social.

- Necesidades básicas non cubertas por outros sistemas de protección: alimentación e hixiene persoal, vivenda (pagos de uso e mantemento da vivenda, subministros básicos...). Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública. No caso do pago das facturas correspondentes ao suministro eléctrico, éstas realizaranse sempre con aviso de orde de corte, por parte da compañía suministradora, e únicamente aboarase unha factura ao ano.

Outros gastos excepcionais valorados polas/os traballadoras/es sociais como indispensables para previr situacións de risco de exclusión ou favorecer a normalización da vida individual e familiar.

A contía das axudas establecerase para cada caso concreto en función das circunstancias e das previsións dos gastos que ocasionen a situación de emerxencia. En ningún caso poderá superar dúas veces a contía mensual do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM). Engadíndolle un 10% do IPREM por cada un dos membros da unidade de convivencia.

Por norma xeral, non se concederá máis dunha axuda de emerxencia por unidade de convivencia ao ano. Nas situacións nas que debidamente se xustifique a necesidade doutra Axuda de Emerxencia Social, o/a traballador/a social propondrá no correspondente Informe Social a idoneidade dunha segunda concesión.

Artigo 14.-Forma de pago e xustificación.

Forma de pago

A xestión dende un punto de vista orzamentario das Axudas de Emerxencia Social reguladas na presente ordenanza levarase a cabo dende o Departamento de Intervención Municipal, tramitando a orde de pago e transferencia con cargo á partida orzamentaria correspondente, e co límite do crédito existente na partida ou na bolsa de vinculación xurídica da que forme parte, atendendo ao previsto nas Bases de execución do Orzamento en vigor, tendo carácter preferente na súa tramitación.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social prepagamento ou ben, mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

Xustificación do gasto

A xustificación do gasto efectuarase mediante a presentación das facturas acreditativas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos de facturación regulamentariamente establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio semellante con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

Artigo 15.-Modificación, Suspensión e Extinción das Axudas de Emerxencia Social.

O Concello procederá de oficio á modificación, suspensión e extinción das Axudas de Emerxencia Social mediante informe motivado do/a traballador/a social correspondente, elevado á Comisión de Valoración para á súa resolución e notificación.

CAPÍTULO III.-AXUDAS COMPLEMENTARIAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIAL

Artigo 16.-Concepto das Axudas Complementarias de Apoio á Inserción Social

Son axudas económicas non periódicas, motivadas pola necesidade de garantir a inmediatez, complementarias da Renda de Inclusión social de Galicia, derivadas de gastos que resultan indispensables para a efectiva realización do correspondente Proxecto de Inserción Social

Artigo 17.-Requisitos de acceso ás Axudas Complementarias de Apoio á Inserción Social.

Poderanse beneficiar deste tipo de axudas as persoas que cumpran os requisitos seguintes:

- Pertencer a unha unidade de convivencia perceptora da RISGA, que estén adscritas a un Proxecto de Inserción Social.
- Estar cumprindo o Plan de Traballo correspondente.

Artigo 18.-Gastos susceptibles das Axudas Complementarias de Apoio á Inserción Social e contías.

Gastos derivados do proceso de inserción social tales como: actividades de inserción socio-laboral, axudas ao transporte e outros gastos excepcionais destinados a previr a marxinación e favorecer a normalización dos individuos e familias no seu contorno de convivencia.

A contía das axudas establecerase para cada caso concreto en función das circunstancias. En ningún caso a contía anual por unidade de convivencia poderá superar dúas veces e media a contía mensual do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

Artigo 19.-Modificación, Suspensión e Extinción das Axudas Complementarias de Apoio á Inserción Social.

O Concello procederá de oficio á modificación, suspensión e extinción das Axudas Complementarias de Apoio á Inserción Social mediante informe motivado do/a traballador/a social correspondente, elevado á Comisión de Valoración para a proposta de resolución e posterior resolución e notificación da mesma polo órgano competente.

Artigo 20.-Forma de pago e xustificación.**Forma de pago**

A xestión dende un punto de vista orzamentario das Axudas Complementarias de Apoio á Inserción Social reguladas na presente ordenanza levarase a cabo dende o Departamento de Intervención Municipal, tramitando a orde de pago e transferencia con cargo á partida orzamentaria correspondente, e co límite do crédito existente na partida ou na bolsa de vinculación xurídica da que forme parte, atendendo ao previsto nas Bases de execución do Orzamento en vigor, tendo carácter preferente na súa tramitación.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social prepago ou ben, mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

Xustificación do gasto

A xustificación do gasto efectuarase mediante a presentación das facturas acreditativas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos de facturación regulamentariamente establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio semellante con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.-Confidencialidade

O Concello de Noia garantirá a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación de expedientes, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Co obxecto de facer efectivos os principios de axilidade e economía administrativa, e en cumprimento do deber de cooperación e coordinación entre as administracións públicas, estas adoptarán, no marco da xestión das axudas incluídas nesta ordenanza, as medidas oportunas para garantir o dereito dos cidadáns e cidadás a non achegar datos e documentos que xa obren en poder das citadas administracións.

En particular, O Concello de Noia utilizará medios electrónicos para solicitar a devandita información sempre que, no caso de datos de carácter persoal, se conte co consentimento das persoas interesadas nos termos establecidos pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ou unha norma con rango de Lei así o determine, salvo que existan restriccións conforme á normativa de aplicacións aos datos e documentos solicitados. O citado consentimento poderá emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedará derogada a Ordenanza Reguladora de Axudas para Situacións de Emerxencia dos Servizos Sociais do Concello de Noia (publicada no BOP da Coruña, nº 232 do 29/10/2009).

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento será obxecto de publicación para o seu xeral coñecemento no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e entrará en vigor cando pase o prazo sinalado no artigo 65.2 Do mesmo texto legal (quinze días hábiles dende a publicación no BOP).

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante o órgano competente da orde xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Noia, 19 de xullo de 2018.

O alcalde

Asdo.: José Santiago Freire Abeijón

2018/5548